



Sr./Sra. Director/a:

Achégase carta do Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na que se lle comunica unha dotación económica para o seu centro, que debe investirse, integramente, en actuacións para a diminución de desigualdades en materia educativa, en concreto na atención ao alumnado procedente do estranxeiro e/ou alumnado de minorías étnicas que se atopa escolarizado no seu centro.

Respecto da xustificación documental e orzamentaria desta dotación económica fanse as seguintes aclaracións:

### 1º.- Xustificación ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

- Antes do 15 de marzo de 2012, os centros presentarán unha **memoria final** das actuacións realizadas dirixida ao Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- Esta memoria final deberá recoller, cando menos, os apartados que se indican no documento **anexo** denominado "*Instrucións para elaborar a memoria final de actuacións*".
- A memoria deberá ir acompañada dunha relación dos gastos realizados antes da citada data, asinada polo director/a e polo secretario/a do centro. Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 15 de marzo de 2012.

### 2º.- Xustificación na contabilidade do centro:

- Os centros xustificarán os gastos da achega económica outorgada de acordo co establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica nos centros docentes públicos non universitarios (DOG do 4 de abril).
- Aínda que o importe o reciba no ano 2012, esta achega deberá xustificarse dentro da partida finalista "gastos de funcionamento" na conta de xestión do orzamento do ano 2011 que se realiza a través da aplicación informática: <https://www.edu.xunta.es/xecocentros/>
- Toda a documentación, así como o importe da asignación pode consultalos no portal educativo no enderezo <http://www.edu.xunta.es/web/gastosfuncionamento> ou no sitio temático de atención á diversidade e orientación, en "*A un clic: Información Xeral*" no enderezo <http://www.edu.xunta.es/web/diversidadeorientacion>

Para calquera consulta, poden dirixirse ao correo [asesoria.orientacion@edu.xunta.es](mailto:asesoria.orientacion@edu.xunta.es) ou chamando ao teléfono 981546512.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2012  
O Subdirector Xeral de Ordenación e Innovación  
Educativa e Formación do Profesorado



Manuel Vial Copez